



**C** Confederación Intersindical Galega  
**ADMINISTRACION PUBLICA**  
**ADMINISTRACION PUBLICA**

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Mesa de Seguimento do Acordo de Carreira Administrativa:

### Oferta de prazas vacantes-"Panel"

Estaba cantado que estes ILUMINADOS que ocupan actualmente a Dirección de RR HH máis cedo ou máis tarde tiñan que recular ante as tropelías que pretendían facer co seu persoal. Despois de que que a CIG advertise en todos os concursos que non se debían deixar postos vacantes sempre que houberse solicitantes, e por tanto, se era preciso, había que baixar as puntuacións mínimas, agora a AEAT pretendía ofertar eses postos ao persoal de novo ingreso. Os primeiros prexudicados serían os compañeiros do Corpo Técnico, xa que os de nova incorporación están a espera de tomar posesión. Tremenda inxustiza ofertarlles estes postos moi demandados, por diante dos que levan anos nesta casa, concursan, e a AEAT deixa a praza vacante por non chegar á puntuación mínima.

¿E agora como solucionamos o tema do novo persoal do CTH, que remataron as practicas o pasado 14 de marzo e non existe tempo para sacar un novo concurso e resolvelo sin que se demore moito no tempo?

A unica solución que ve a Administración para desfacer semellante desaguisado é a de volver a sacar prazas de PANEL. Non sera só para o CTH, senón tamen haberá para o SVA e Axentes da Facenda Pública. Resaltar que, aínda que estamos totalmente en contra do Panel, vaise facer de maneira excepcional, para que se lles poida ofertar estas prazas aos que xa prestan servizos na AEAT e non prexudicalos, xa que, de non haber Panel, a AEAT asegúranos que esas prazas demandadas irían para os de novo ingreso (xa o fixeron hai dous anos). Desde a CIG pensamos que se as cousas se fixeran ben desde un principio, e a AEAT optara por baixar os mínimos nos concursos, non se daría esta situación tan surrealista. En Galicia no CTH non está previsto ofertar ningunha praza de Panel pero igual ofertan en Axentes e mais no SVA. Os de novo ingreso serán destinados en zonas deficitarias como Baleares, Canarias, Cataluña, etc....

En canto as condicións en que sairán as prazas de Panel, son as seguintes:

- O Panel será simplemente para mobilidade xeográfica, é dicir, non se permitirán cambios dentro da mesma localidade e sairán as prazas que no anterior concurso quedaran vacantes e para as que había solicitantes. A AEAT alega que para os cambios de Área dentro da mesma localidade xa están os concursos.
- Poderase optar á praza de panel dentro da mesma provincia cando existan máis de 40 km de distancia
- Esixirase unha antigüidade mínima de 18 meses para poder concursar e vaise tomar en conta, exclusivamente como criterio de adxudicación, a antigüidade.
- A parte social terá acceso ao borrador das prazas a convocar e se facilitarán os listados provisionais e definitivos dos solicitantes, a efectos das posibles reclamacións que procedesen.

Achegamos, coa nota informativa, o documento

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22-cigaeat@gmail.com